

O anarcosindicalismo no sector pesqueiro: orixe e desenvolvemento da Federación Nacional de Industria Pesquera

ÓSCAR FREÁN HERNÁNDEZ

Universidade de Vigo

Resumo:

Óscar Freán Hernández: *O anarcosindicalismo no sector pesqueiro: orixe e desenvolvemento da Federación Nacional de Industria Pesquera.*

O presente traballo pretende facer un achegamento ás federacións de industria no sector pesqueiro, unha das experiencias de máis éxito desenvolvidas por parte do anarcosindicalismo galego entre 1925 e 1936. O máis salientable deste proxecto foi o seu carácter innovador, adiantándose á aprobación por parte da CNT do modelo sindical en federacións de industria, e a consolidación do mesmo entre o operariado galego ocupado no sector pesqueiro.

Abstract:

Óscar Freán Hernández: *The anarcho-syndicalism in the fishing sector: origin and development of the National Federation of the Fishing Industry.*

The present work tries to approach to the industry federations in the fishing sector, one of the most successful experiences developed by the galician anarcho-syndicalism between 1925 and 1936. The most important of this project was his innovatory kind, improving to the CNT approval of the syndical model in industry federations, and to his consolidation between the galician fishing workers.

No período comprendido entre a segunda metade do século XIX e as primeiras décadas do XX, o sector pesqueiro galego experimenta un proceso de modernización vencellado a unha serie de circunstancias favorables como o aumento do volume de negocios, o incremento da produción ou o crecemento da poboación ocupada no sector que van a converter a esta actividade no grande referente do proceso de industrialización galego. Este proceso modernizador iníciase a partir dos anos oitenta do século XIX, e nel van xogar un destacado papel o desenvolvemento da industria conserveira e a conexión ferroviaria do litoral galego co resto da península, aspecto este que vai facilitar o aumento da comercialización do peixe fresco en España. Como factores máis inmediatos de esta transformación podemos citar a superación de vellas artes de pesca por outras máis modernas e o incremento dos barcos de vapor¹. Outro aspecto de importancia será a ampliación dos caladoiros en terras do norte de África, nas Canarias e no Atlántico Norte, gracias, en parte, á lexislación favorable desenvolvida polo Estado durante a primeira década do século XX².

O crecemento da fabricación de conservas en Galicia vaise producir a partir dos anos oitenta do século XIX. A iniciativa dos industriais cataláns e a chegada de tecnoloxía francesa froito do investimento realizado por mor da crise sardiñeira na Bretaña, van ser os elementos máis salientables deste proceso que ten na industria do salgado a súa referencia máis próxima³. Rapidamente Galicia vai liderar a produción conserveira dentro do Estado español e Vigo se vai converter no porto pesqueiro máis importante da península. A consolidación terá lugar no primeiro tercio do século XX cando a produción da industria conserveira se multiplique por sete, constituíndose así na principal exportación de produtos manufacturados do conxunto do Estado, tal e como xa ten apuntado o profesor Xoán Carmona⁴. O sector pesqueiro era pois a punta de lanza da industrialización galega, e ademais do volume de negocio e de capital que movía, era tamén unha actividade que demandaba, directa e indirectamente, unha considerable man de obra. Nos traballadores deste sector é, precisamente, no que queremos reparar neste artigo, e máis concretamente no artellamento dun sindicalismo de clase vencellado á ideoloxía anarcosindicalista que tivo como entidade máis salientable á *Federación Nacional de Industria Pesquera adherida á Confederación Nacional del Trabajo (CNT)*.

A sindicación no medio pesqueiro ten lugar dende finais dos anos noventa do século XIX coincidindo co conflito entre as artes do xeito e a traíña. Serán os socialistas os que capitalicen o asociacionismo pesqueiro en Vigo e no con-

¹ Unha análise polo miúdo deste proceso en BREY, Gérard: *Économie et mouvement syndical en Galice, 1848-1911*, Lille, Atelier National de Réprographie des Theses, 1990, pp. 470-501 e GIRALDEZ RIVERA, Jesús: *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1996, pp. 221-25

² GIRALDEZ RIVERA, Jesús: *Op. cit.*, pp. 209-213.

³ CARMONA BADÍA, Xoán: "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936", Jordi NADAL e Albert CARRERAS (Coord.), *Pautas regionales de la industrialización española (Siglos XIX y XX)*, Barcelona, Ariel, 1990, pp. 23-48.

⁴ *Ibidem*, p. 39.

xunto das Rías Baixas, mestras que en A Coruña será o operariado local o que atraía cara aos principios sindicalistas aos traballadores do sector. Neste caso hai un pronunciamento de diversas sociedades obreiras apoiando ás trañas, no conflito que mantiñan cos xeitos, fundado en que aquela arte proporcionaba máis postos de traballo e un prezo máis asequible ao peixe. Pola súa banda, os socialistas vigueses tentan a atracción cara á UGT dos pescadores de ambas as dúas artes⁵. Na primeira década do século XX aparecen as primeiras sociedades de pescadores en A Coruña como La Humanidad Libre, fundada no mes de xullo de 1902, e La Unión Marítima, en marzo de 1906⁶. Seguindo en A Coruña, nos primeiros anos dez constitúese o sindicato de pescadores El Despertar Marítimo que, a partires deste momento, se vai a converter no máis importante do sector na cidade herculina.

Pero teremos que agardar ata a década dos vinte para que se produza o proceso de articulación dunha federación de industria pesqueira da CNT galega, dándose os primeiros pasos neste senso nos últimos anos da Restauración e consolidándose en plena dictadura primorriverista. Na primavera do ano 1921, máis concretamente a finais do mes de maio, constatamos os primeiros contactos formais para a constitución de un sindicato de traballadores do mar na cidade de Vigo no que participarían traballadores de diferentes oficios, algúns deles non vencellados directamente co sector pesqueiro. Estaría integrado por camareiros e cociñeiros marítimos, maquinistas e fogueiros, manipuladores, pescadores e mariñeiros, contando entre os promotores desta iniciativa co sindicalista José Villaverde⁷.

Nesta primeira metade da década, e a partir dos sindicatos locais, se vai a intentar a reunión das diferentes sociedades pesqueiras nun só organismo con implantación en todo o ámbito galego. As negociacións neste sentido fructificaron en 1925 cando sindicalistas de varias localidades acordaron o agrupamento dos sindicatos pesqueiros das súas respectivas vilas e cidades nunha federación de industria. Así, o día 6 de decembro ten lugar unha asemblea en Compostela na que participan delegacións dos sindicatos de fogueiros, enfermeiros, maquinistas e mariñeiros de A Coruña; maquinistas e mariñeiros de Vigo; así como representantes de Ferrol e de Marín baixo a presidencia do Secretario Xeral da *Confederación Regional Galaica* (CRG) Manuel Fandiño e do director do seu órgano periodístico *Solidaridad* Obrera Ezequiel Rey⁸.

Na asemblea apróbase a constitución da *Federación Regional de Industria Pesquera* (FRIP) vencellada á CRG, se ben coa expectativa de transformala

⁵ BREY. Gérard: *Op. cit.*, pp. 492-501.

⁶ *Ibidem*, pp. 559-560, 666-667.

⁷ ARCHIVO HISTÓRICO NACIONAL (AHN), *Fondos Contemporáneos, Ministerio del Interior, Serie A, leg. 51, exp. 5*, "Telegrama do Gobernador Civil de Pontevedra ao Ministerio de Gobernación", Pontevedra, 12 de maio de 1921; "Telegrama do Ministerio de Gobernación ao Gobernador Civil de Pontevedra", Madrid, 12 de maio de 1921; "Telegrama do Gobernador Civil de Pontevedra ao Ministerio de Gobernación", Pontevedra, 23 de maio de 1921.

⁸ As referencias sobre as reunións e a constitución da FRIP en ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (ARG), *Fondo Gobierno Civil de A Coruña*, leg. 2657.

nunha federación nacional que agrupase aos sindicatos pesqueiros de todo o Estado. A nova entidade non vai limitar a asociación exclusivamente aos sindicatos de pescadores, senón que posibilitará a integración de todas as sociedades relacionadas coa actividade e pesqueira, dende a pesca propiamente dita ata as industrias transformadoras do peixe para a súa posterior venda e distribución. En febreiro de 1926 constitúese definitivamente a FRIP, sendo elixidos de xeito interino para a súa dirección os coruñeses Emilio García como presidente, Manuel Montes como secretario, Julio Sanjurjo vicesecretario, Ángel Castro tesoureiro-contador e Ricardo Suárez e Eugenio Pérez como vocais.

Aínda que a estruturación da CNT en federacións de industria non se vai a aprobar ata o seu III Congreso en xuño de 1931, non resulta sorprendente o artellamento da FRIP con case seis anos de antelación, pois xa no II Congreso, en decembro de 1919, o tema da organización de federacións de industria saíra á discusión como un dos máis importantes polo debate suscitado. En aquel momento a Confederación rexeitara a posibilidade de estruturarse de este xeito e aprobara a organización en sindicatos únicos e en federacións locais e rexionais. De todos os xeitos, durante o debate quedou constatada a existencia dunha corrente favorable á organización federativa industrial que pretendía que a nova organización cenetista en sindicatos únicos de rama ou industria se completase coas federacións nacionais respectivas, tendo en conta ademais que, neste mesmo congreso, se aprobara a desaparición das federacións de oficio que ata o de agora viñan funcionando dentro da CNT⁹.

No anarcosindicalismo galego se reproducían as mesmas tendencias que convivían no seo da CNT no ámbito estatal. Por unha banda estaban os anarcosindicalistas como Jesús Arenas ou Ricardo García Lago representando a tendencia máis ortodoxa do movemento libertario, e por outra José Villaverde ou Manuel Fandiño que se decantaban por un sindicalismo revolucionario de matiz máis moderado. Será precisamente dende as filas destes últimos de onde vai partir a idea da organización dunha federación industrial no sector pesqueiro. Non debemos esquecer que neste momento Manuel Fandiño é o Secretario Xeral da CRG e José Villaverde está desenvolvendo unha intensa actividade na zona das Rías Baixas, algo que, de certo, vai facilitar o desenvolvemento orgánico da nova entidade.

Non é doado ofrecer unha aproximación cuantitativa dos efectivos cos que podería contar a FRIP no momento da súa constitución; xunto coa s dificultades que supón a falla de documentación axeitada para unha reconstrución deste tipo, temos que considerar a coxuntura que estaba a atravesar o movemento anarcosindicalista galego no período da dictadura de Primo de Rivera, que aínda que non era clandestino como en moitas outras rexionais, a súa actividade estaba fortemente limitada polas dificultades e trabas legais que lle impuñan

⁹ CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO: *Memoria del Congreso celebrado en el Teatro de la Comedia de Madrid, los días 10 al 18 de diciembre de 1919*, Barcelona, Tipografía Cosmos, 1932, pp. 262-274.

as autoridades para o seu normal desenvolvemento. Se queremos atopar un punto de referencia mínimo témonos que remontar a decembro de 1919 para contabilizar os afiliados cos que contan os sindicatos vencellados á industria pesqueira representados no II Congreso da CNT¹⁰. Neste momento, na cidade de A Coruña habería algo máis de 1.300 afiliados, mentres que en Ferrol non chegarían aos 200; a estes sumárianse os efectivos dos sindicatos de Mera e de Pontedeume para unhas cifras totais ao redor dos 2.000 traballadores. Cara o ano 1925 estas cifras estarían modificadas pola integración dos sindicatos de Vigo e de Marín, aínda que habería que descontar os efectivos das sociedades de Mera e Pontedeume que non participan no proceso constituínte da FRIP. En xuño de 1931 as cifras aproximadas de traballadores sindicados á CNT no sector pesqueiro galego estarían ao redor dos 3.000 afiliados, contándose entre os mesmo os 1.500 que integraban os Sindicato de Industria Pesqueira (SIP) de Vigo, os 700 do sindicato de pescadores El Despertar Marítimo de A Coruña e os 500 da Unión de Pescadores de Marín, ademais de un cento correspondente aos pescadores de Ferrol e algúns traballadores de A Coruña integrados en sociedades vencelladas a este sector¹¹.

Vemos logo que, nos seus primeiros anos de existencia a FRIP mantén a súa estrutura nas localidades que participaron na súa constitución. O aporte de Ferrol é mínimo, Marín aporta unha importante cifra de medio millar de afiliados e os sindicatos de A Coruña agrupan aproximadamente a uns mil traballadores. ande máis se tiña avanzado era en Vigo, non só polo feito de asociar a mil cincocentos traballadores senón por dispor de unha estrutura sindical perfectamente definida a partir do SIP, entidade que representa a célula básica do entramado estrutural da organización sindical de base industrial.

A partir de este momento, e coa coxuntura política favorable para o desenvolvemento sindical que supuña o réxime republicano, o sindicalismo cenetista no ámbito pesqueiro vai experimentar un crece mento no número de sindicatos e de adherentes e vai conseguir a súa implantación en localidades nas que, ata o de agora, non contaba con estrutura. Pero o desenvolvemento da FRIP tamén se vai producir dende a perspectiva orgánica do conxunto da CNT dende o momento en que se acorda, en 1931, a organización da *Federación Nacional de Industria Pesquera* (FNIP). Na creación de esta nava entidade é evidente a influencia dos galegos. Por unha banda porque contaban cunha federación de industria dentro da súa rexional que servía de punto de partida para o artellamento do novo organismo, e por outra porque *os* comités directivos da FNIP van ter a súa sede en Galicia e os cargos de dirección van estar desempeñados por sindicalistas galegos vencellados á FRIP. Ademais, non podemos pasar por alto o destacado papel que xoga José Villaverde no conxunto do anarcosindica-

¹⁰ *Ibidem*, pp. 9-34.

¹¹ Datos ofrecidos pola lista de participantes no III Congreso da CNT. Cfr. CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO: *Memoria del Congreso Extraordinario celebrado en Madrid los días 11 al 16 de julio de 1931*, Barcelona, Tipografía Cosmos, 1932, pp. 11-21.

lismo estatal durante estes primeiros anos de República, un labor no que incide grandemente a súa estreita relación co Secretario Xeral da CNT Ángel Pestaña, a quen o une, ademais da relación persoal, unha notoria afinidade ideolóxica na maneira de entender a acción sindicalista. Así, o sindicalista galego, do mesmo xeito que foi un dos promotores da FRIP nos anos vinte, agora, aproveitando as circunstancias favorables e antes de pasar a ocupar un segundo plano do movemento anarcosindicalista, promove o artellamento da FNIP.

No que respecta á Galicia, o período da Segunda República supón a expansión do sindicalismo pesqueiro por numerosas localidades do litoral. No primeiro ano de novo réxime, a CNT galega consegue a organización de sindicatos mariñeiros en varios portos do país. Así, ás sociedades fundadoras da FRIP se van sumar La Solidaridad Marinera de Moaña en agosto de 1931¹² e La Alianza Marinera de Cangas un mes despois,¹³ as dúas procedentes da UGT. En xaneiro de 1932 será o sindicato La Alianza Marinera de Chapela o que acorde o ingreso na entidade confederal¹⁴. Ata o mes de agosto iranse producindo as incorporacións das sociedades de Fene, Mugardos, Porto do Son, Bueu, Cesantes, Panxón, Baiona e O Grove. En agosto de 1932 o número de afiliados estaría ao redor dos once mil, o que representa algo máis de un tercio da afiliación total da CRG¹⁵. Se o comparamos co total de traballadores ocupados no sector pesqueiro -que en 1930 estaría en torno aos 35.000-¹⁶ obteríamos que perto de unha terceira parte de estes estaría afiliados a sindicatos cenetistas.

Unhas cifras semellantes se repiten un ano despois, en outubro de 1933, nun Pleno Nacional da FNIP celebrado en Madrid. Alí, os traballadores galegos representados e adheridos suman un total de 8.432, aínda que non participan os sindicatos de Ferrol, Fene, Mugardos, Baiona e O Grove que si o tiñan feito no Pleno Rexional de agosto de 1932¹⁷. En setembro de 1934 mantéñense os mesmos sindicatos e se lles suman o de Cariño, aportando 1.200 afiliados, e o de Celeiro que se integrara na primavera de 1933¹⁸. Posteriormente iranse integrando tamén as

¹² Ingresar na Confederación con 1.200 afiliados. *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº36, 15 de agosto de 1931, p. 1.

¹³ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº40, 12 de setembro de 1931, p. 4.

¹⁴ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº58, 16 de xaneiro de 1932, p. 4.

¹⁵ As cifras corresponden á participación no Pleno Rexional da CRG celebrado en agosto de 1932 en Ferrol. Cfr. *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº 87, 3 de setembro de 1932, p. 7.

¹⁶ Os datos foron extraídos do *Censo de Población* de 1930, considerando os apartados de pesca (número de orde 1), navegación marítima e fluvial (89) e conservas (20). Do mesmo xeito que o profesor José Luis Gutiérrez Molina fai para o caso gaditano por el estudado, tamén nos contabilizamos o apartado navegación marítima e fluvial, tendo en conta que no mesmo se contabilizarían os traballadores ocupados na pesca de altura. Vid. GUTIERREZ MOLINA, José Luis: *Crisis burguesa y unidad obrera. El sindicalismo en Cádiz durante la Segunda República*, Madrid, Ediciones Madre Tierra, 1994, p. 121.

¹⁷ Os sindicatos galegos participantes son: SIP de Vigo (2.000 afiliados); SIP de Marín (700); Alianza Marinera, de Cangas (1.400); Solidaridad Marinera, de Moaña (1.200); El Adelanto Marinero, de Bueu (600); Alianza Marinera, de Chapela (175); Centro Marinero, de Cesantes (200); Pescadores El Despertar del Valle, de Panxón (300); Pescadores Protección Obrera, Porto do Son (200); Despertar Marítimo, de A Coruña (700); Carboneros El Primero de Mayo, A Coruña (70); Chabolas y Mozos de Campo, A Coruña (170). Os adheridos: Lancheros y Chalaneros, A Coruña (40); Fábricas de Salazón, A Coruña (500) e Picadores de Calderas, A Coruña (27). Cfr. *CNT*, Madrid, nº269, 12 de outubro de 1933, p. 3.

¹⁸ *Mar y Tierra*, Vigo, nº13, 10 de xuño de 1933, p. 3.

sociedades de Ares, Mera e Campelo,¹⁹ e nas últimas semanas de goberno republicano os sindicatos de O Pindo (Carnota) e Barqueiro (Mañón).²⁰

Facendo un balance da implantación da FRIP vemos como se asenta en zonas moi determinadas, especialmente nas rías de Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol. No resto de comarcas a organización sindical pesqueira resulta menos significativa, especialmente dende o punto de vista cuantitativo. A distribución xeográfica da FRIP non é, en absoluto, casual, e se corresponde cos portos máis importantes do país e as zonas máis industrializadas do sector pesqueiro. Vigo e A Coruña eran os máis importantes portos tanto pola cantidade dos desembarcos como polo valor dos mesmos, así como pola influencia que exercían sobre as súas respectivas comarcas. Seguíanlle en importancia os portos de Marín, Ferrol e Vilagarcía de Arousa cun volume comercial moito menor.²¹

Vencellada á FRIP vaise artellar unha entidade que, baixo a denominación de Comité Rexional de Defensa da Pesca no Litoral Galego, se vai a ocupar do control da produción e da comercialización da pesca para evitar a especulación e a acción dos intermediarios, así como da protección dos recursos por uso indebido de métodos e técnicas de pesca pouco axeitados.²² A existencia de esta entidade supón un aspecto novidoso na práctica sindical cenetista en Galicia, porque se trata da actuación nun ámbito á marxe do estrictamente sindical e con vistas á vixilancia e a intervención no proceso productivo. Este modo de actuación por parte das federacións de industria aparece esbozado na ponencia presentada sobre o tema da organización da CNT no congreso de xuño de 1931, aínda que aquí se defendía a intervención no proceso de produción co obxectivo da súa posible implantación unha vez triunfante a revolución social, tendo en conta que a situación da loita de clases que neste momento se estaba a producir limitaba enormemente o papel a desempeñar nos ámbitos económico e profesional.²³

A partir da base que supuña a FRIP se vai desenvolver o proxecto da *Federación Nacional de Industria Pesqueira* aglutinando a todos os sindicatos cenetistas do ámbito mariñeiro do conxunto do Estado español. Xa dende a constitución da FRIP se plantexara a posibilidade de estender a entidade para que englobase ao conxunto de sindicatos do sector pesqueiro adheridos á CNT. Neste plantexamento volve a insistir José Villaverde a finais de 1930 ao apuntar á FRIP como o punto de partida da nova organización.²⁴ Os contactos para a celebración de unha asemblea de este sector xa se viñan producindo dende a primavera de 1931²⁵ e no mes de maio estableceuse en A Coruña un comité de

¹⁹ *Solidaridad*, A Coruña, nº48, 23 de maio de 1936, p. 2.

²⁰ ARG, *Fondo Goberno Civil*, leg. 1817 e 1834.

²¹ GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús: *Op. cit.*, pp. 100-106.

²² Os estatutos do comité en *Mar y Tierra*, Vigo, nº11, 19 de abril de 1933, p. 2.

²³ CONFEDERACIÓN NACIONAL DEL TRABAJO: *Op. cit.* (n. 11), pp. 121-124.

²⁴ Recensión dunha conferencia de José Villaverde en Marín. *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº1, 15 de novembro de 1930, p. 2.

²⁵ *La Tierra*, Madrid, nº266, 29 de outubro de 1931, p. 3.

relacións provisional encargado de xestionar a constitución da Federación Nacional de Industria Pesquera.²⁶ Un aspecto decisivo no artellamento final da FNIP será a aprobación, no congreso confederal do mes de xuño, da estruturación da CNT en federacións de industria. Haberá que esperar ata o mes de outubro para que se produza a organización definitiva nun congreso de constitución celebrado en Madrid no que estiveron representados ao redor de 16.000 afiliados.²⁷

As profesións que poderían integrarse na nova entidade aparecen recollidas nos estatutos aprobados. Estas serían capitáns e pilotos, patróns de cabotaxe, contramestres, maquinistas, fogueiros, mariñeiros, empacadores e obreiros da preparación de pescado, atadeiras, operarios das fábricas de xeo, redeiros e chaboleiras, obreiros das fábricas de conservas e salgado de pescados e mariscos, chalaneiros, carrexadores de pescado, empregados da lonxa, vendedores de pescado, patróns de pesca,²⁸ carboeiros,²⁹ picadores de caldeiras e demais oficios afíns ao sector pesqueiro. Como sede do Comité Nacional da FNIP foi elixida a cidade de A Coruña e como Secretario Xeral o coruñés Manuel Montes. Outro dos acordos foi o de publicar un órgano periódico da nova entidade, o seu título será *Mar y Tierra* e o seu lugar de publicación Vigo, tendo como primeiro director a José Villaverde.³⁰

Entre os temas de debate neste congreso de constitución da FNIP xurdiron unha serie de reivindicacións mínimas a plantexar relacionadas coa regulación do descanso, a contratación, a hixiene e a seguridade nos buques e a unificación de salarios.³¹ Un dos temas que máis interese espertou foi o da pesca á parte, a ponencia presentada ao respecto foi defendida por Balbino Costas de Moaña, Leandro Helne de Xixón e Nores de Cangas.³² A conclusión á que se chegou foi que os traballadores á parte se enfrontaban a uns salarios moi baixos e a un período de actividade de escasamente medio ano, tendo ademais que facer fronte á cantidade proporcional que se leva o armador e aos gastos do material de pesca. Para paliar esta situación, o congreso da FNIP plantexou a necesidade de creación de cooperativas de produción para a venda directa e o traballo en común,³³ cooperativas das que non temos novas sobre a súa constitución a partir destes anos. Outros temas debatidos foron as problemáticas que afectaban á pesca de arrastre, ás industrias derivadas en terra e ás tripulacións.³⁴

²⁶ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº24, 23 de maio de 1931, p. 2.

²⁷ *La Tierra*, Madrid, nº263, 26 de outubro de 1931, p. 3.

²⁸ Sen ningún tipo de relación nin interese cos armadores.

²⁹ Suministradores exclusivamente de buques de pesca.

³⁰ *La Tierra*, Madrid, nº264, 27 de outubro de 1931, p. 4 e *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº48, 7 de novembro de 1931, p. 2.

³¹ *La Tierra*, Madrid, nº266, 29 de outubro de 1931, p. 3.

³² *La Tierra*, Madrid, nº264, 27 de outubro, de 1931, p. 4.

³³ *La Tierra*, Madrid, nº266, 29 de outubro de 1931, p. 3.

³⁴ *La Tierra*, Madrid, nº264, 27 de outubro de 1931, p. 4 e nº267, 30 de outubro de 1931, p. 4.

No que respecta aos adherentes á FNIP temos que apuntar que a súa maioría pertencía aos sindicatos galegos. Fora de Galicia debemos destacar a implantación no Cantábrico con representación, como mínimo, nos portos asturianos de Avilés, Xixón e Candás e no vasco de Pasaia. En Andalucía había certa presenza en Huelva e Cádiz, e no Mediterráneo practicamente non existía organización. En outubro de 1933 a FNIP reivindica perto de doce mil obreiros afiliados.³⁵ De estes, 8.432 pertencían á rexional galega -que, como xa apuntamos, contaría aínda con máis afiliación- 2.425 a Asturias -Xixón, Avilés e Candás- 599 a Pasaia e 500 a Cádiz. Unha simple ollada aos datos amosa que máis dun 70% da afiliación á FNIP correspondía aos sindicatos galegos. En Andalucía a organización vírse debilitada por algúns fracasos folguísticos en Cádiz e Huelva a finais de 1931 e principios de 1932, un momento especialmente crítico, pois a *Federación Nacional de Industria Pesquera* estaba a dar os seus primeiros pasos tras a fundación no mes de outubro. A presenza de organización sindical cenetista no sector pesqueiro en Andalucía reviste especial importancia para os galegos no caso gaditano se temos en conta que este porto era a base da flota galega que desenvolvía o seu labor nos bancos africanos.³⁶ O establecemento de empresas galegas no litoral andaluz remóntase aos anos dez do presente século, momento no que a sociedade Pescaderías Coruñesas inaugurou unha sucursal na capital gaditana e desprazou alí a parte da súa flota nun momento de expansión para a compañía que tiña como obxectivo o abastecemento do mercado madrileño que se tiña convertido nun dos seus principais clientes.³⁷

No litoral mediterráneo, a baixa presenza da FNIP non é debido tanto á inexistencia de sindicatos pesqueiros, senón a que estes non estaban adheridos a esta federación. Este afastamento da FNIP é ben indicativo da falta de apoio de unha boa parte da CNT á organización en federacións de industria, moito máis dende o momento en que a tendencia anarquista ortodoxa da Confederación se fai cargo da dirección da central sindical despois de desprazar aos moderados que a lideraran na transición da dictadura de Primo á República. Unha mostra de esta falta de apoio é a que nos ofrece o SIP de Barcelona e os problemas que tivo que afrontar no seu período organizativo polas discrepancias con algúns sectores da Federación Local barcelonesa e o Sindicato de Transporte da mesma cidade. As discrepancias foron obxecto de debate no Pleno da FNIP de outubro de 1933.³⁸ Mentres os do Sindicato de Transporte acusaban a catro cargos de responsabilidade³⁹ do recentemente creado sindicato pesqueiro de inten-

³⁵ No Pleno Nacional da FNIP de outubro de 1933 as delegacións participantes representan a 10.189 traballadores e se reciben as adhesións de 1.767 máis. Xunto cos sindicatos galegos, *supra* n. 17, participan as seguintes entidades: Obreros del Mar de Avilés (325 afiliados); SIP de Xixón (900); SIP El Avance Maarino de Pasaia (599) e SIP de Cádiz (500) e envían a súa adhesión o Sindicato de Pescadores de Candás (1.200) e o de Pescadores La Fraternidad de Valencia. Cfr. *CNT*, Madrid, n.º 269, 12 de outubro de 1933, p. 3 e n.º 274, 18 de outubro de 1933, p. 3.

³⁶ GUTIÉRREZ MOLINA, José Luis: *Op. cit.*, p. 121.

³⁷ GIRALDEZ RIVERA, Jesús: *Op. cit.*, p. 302.

³⁸ As actas do congreso foron reproducidas pola prensa confederal. Cfr. *CNT*, Madrid, n.º 269, 12 de outubro de 1933, p. 3; n.º 270, 13 de outubro de 1933, p. 3; n.º 274, 18 de outubro de 1933, p. 3; n.º 275, 19 de outubro de 1933, p. 3; n.º 277, 21 de outubro de 1933, p. 2; n.º 279, 24 de outubro de 1933, p. 2; n.º 281, 26 de outubro de 1933, p. 2.

³⁹ Entre eles a Francisco Arín e a Camilo Piñón.

tar conducir á nova sociedade cara aos Sindicatos de Oposición, os do SIP argumentaban que a Federación Local barcelonesa non lles aprobara o seu ingreso na CNT debido a que os dirixentes locais⁴⁰ non querían que a organización en base a sindicatos e federacións de industria tivese arraigo dentro da Confederación. Unha resistencia similar á organización de un sindicato de industria parece que tivo lugar en A Coruña, pois ao longo do período republicano non se conseguiu artellar o SIP na cidade a pesar das voces que demandaban a súa organización.⁴¹ É moi posible que detrás de esta falta de organización estea a oposición de sectores anarquistas ortodoxos que rexeitaron tal posibilidade e se decantaron por manter os sindicatos artellados por oficios.

En calquera caso, a FNIP comeza a súa andadura e xa no mes de maio de 1932 participaba nas negociacións que as organizacións obreiras mantiñan en Madrid cos armadores para alcanzar unhas bases de traballo para o conxunto do Estado, alcanzando un acordo mínimo despois de unha longa negociación.⁴² Así e todo, o arraigo da *Federación Nacional de Industria Pesqueira* fora de Galicia foi sempre bastante deficitario, e así o expón Claro José Sendón en xullo de 1934 cando afirma que era necesaria unha campaña propagandística no ámbito pesqueiro para atraer cara a organización aos numerosos pobos do litoral que aínda permanecen á marxe da Federación.⁴³ A situación de crise chegou ao seu peor momento a finais de 1935, data na que a completa desorganización en que se atopaba a Federación é denunciada dende as páxinas da *Solidaridad* galega en un artigo firmado polo sindicalista coruñés Ángel Castro.⁴⁴ A mesma situación fora apuntada uns días antes no mesmo periódico nun artigo non asinado no que o autor falaba da apatía dos traballadores e da súa falta de resposta ante os traballos de reorganización dos sindicatos pesqueiros que se estaban a desenvolver en A Coruña.⁴⁵ Esta situación non resulta, en absoluto, sorprendente porque o conxunto da Confederación se atopaba nunha situación semellante de abandono e desconcerto. As causas van cambiar a partir da victoria da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936. Neste contexto é no que temas que situar o proceso reorganizativo que experimenta a FNIP; unha proba do mesmo é o congreso previsto para a primavera en Cádiz,⁴⁶ congreso do que non temos constancia da súa celebración.

Nas semanas previas ao golpe de Estado do 1936, unha nava entidade no ámbito pesqueiro é esbozada por parte de José Grande, do sindicato de Vilanova de Arousa. Trátase de unha Federación Nacional de Industrias Marisqueiras que tiña por obxecto ocuparse de xeito específico dos problemas

⁴⁰ Pertencentes ao sector máis radical da CNT.

⁴¹ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº82, 23 de xullo de 1932, p. 1.

⁴² *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº72, 7 de maio de 1932, p. 2; nº73, 14 de maio de 1932, p. 1 e nº74, 21 de maio de 1932, p. 1.

⁴³ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº166, 14 de xullo de 1934, p. 3.

⁴⁴ CASTRO, Ángel: "Urge reorganizar la Federación Nacional de Industria Pesquera", *Solidaridad*, A Coruña, nº22, 23 de novembro de 1935, p. 2.

⁴⁵ *Solidaridad*, A Coruña, nº19, 2 de novembro de 1935, p. 3.

⁴⁶ *Solidaridad*, A Coruña, nº43, 18 de abril de 1936, p. 3.

do sector marisqueiro, apuntando entre as primeiras medidas a adoptar o establecemento duns acordos sobre cría e veda e a estipulación dun prezo mínimo por caixa e dun máximo de mercancía a recoller por persoa.⁴⁷ Non debemos de desdeñar o valor da actividade marisqueira galega, porque a pesar de representar unha porcentaxe moi baixa dentro do sector pesqueiro, supuña máis do 40% da produción marisqueira total do conxunto do Estado.⁴⁸

No que respecta á conflictividade temos que dicir que é especialmente intensa durante o primeiro bienio republicano. A pesar da precariedade das fontes documentais para facer unha reconstrución fidedigna da conflictividade no ámbito galego, constatamos, polo menos, oito conflitos en 1931 e doce en 1932. O número de folgas descende lixeiramente no seguinte bienio ata nove conflitos en 1933 e seis en 1934. O nivel mínimo alcánzase en 1935 no que só contabilizamos dous, e a partir de 1936, aumenta novamente a actividade folguística, rexistrándose ata o mes de xullo catro conflitos. Esta evolución da conflictividade no sector pesqueiro galego é semellante á que se experimenta no conxunto da CRG. Os motivos que inciden nestes altibaixos no número de folgas son varios, entre eles a coxuntura política concreta máis ou menos favorable para o desenvolvemento das organizacións obreiras, o nivel de organización sindical en determinadas industrias, e a ausencia ou a existencia de períodos de represión governamental despois de conflitos folguísticos e revolucionarios.

Dos conflitos plantexados temos que destacar algúns dos máis significativos pola súa transcendencia. De certo, o máis importante foi o desenvolvido en Vigo entre os meses de xullo e decembro de 1932, que foi especialmente grave debido ao lock out declarado pola patronal.⁴⁹ Segundo os sindicalistas, unha medida tan extrema agochaba o desexo dos armadores vigueses de crebar a organización cenetista dentro do ámbito pesqueiro debido a súa forte implantación na comarca. A resposta operaria ao lock out patronal foi a convocatoria dunha folga xeral para o conxunto da flota pesqueira. A alternativa ofrecida polos patróns para rematar co conflito foi a renegociación das bases de traballo establecidas en xuño do ano anterior tras unha conversas que se estenderan ao longo da primavera. O enfrontamento dilatouse no tempo mentres se desenvolvía a negociación coa mediación do Gobernador Civil Ángel del Castillo e se sucedían os altercados en forma de petardos e explosións de bombas.

O punto álxido da disputa alcanzouse o un de outubro, data na que dous sindicalistas do SIP foron tiroteados por elementos da patronal na porta da sede

⁴⁷ *Solidaridad*, A Coruña, nº54, 4 de xullo de 1936, p. 3.

⁴⁸ GIRALDEZ RIVERO, Jesús: *Op. cit.*, pp. 106-108.

⁴⁹ A versión cenetista do desenvolvemento do conflito pódese ver en BRAGADO, Dalmacio: *Derivaciones y consecuencias del locaut pesquero de Vigo*, Vigo, Juventud Libertaria de Vigo, 1933. O tema foi obxecto de análise pormenorizada por parte do Colectivo Xerminal. Cfr. COLECTIVO XERMINAL (Xavier Castro, Alberte Martínez, Dionísio Pereira e Manuel González Probados): "Crise económica e loitas sociais na Galicia republicana: o conflito pesqueiro vigués en 1932", VV.AA., *O movemento obreiro en Galicia. Catro ensaios*, Vigo, Xerais, 1990, pp. 139-312.

de este últimos. Era unha nova mostra de que as posturas de sindicalistas e patróns se atopaban nunha situación irreconciliable. Tamén á altura desta data prodúcese a chegada a Vigo de Práxedes Zancada dende Madrid, como delegado do Ministerio de Traballo, para atopar unha arbitrase ao conflito que corría o risco de se estender porque os armadores, á altura do mes de novembro, estaban dispostos a declarar un lock out pesqueiro no conxunto da península.⁵⁰ Nese mesmo mes, o avogado e asesor da patronal viguesa Valentín Paz Andrade é obxecto dun atentado perpetrado polos cenetistas Vicente Lorenzo Vales -Secretario da Federación Local viguesa- e Emilio Costa Fernández.⁵¹ Para aumentar a crispación, ao longo deste tempo se estaba a realizar o recrutamento de esquiros por parte da recentemente creada Agrupación de Traballadores da Industria Pesqueira que, en ocasións, da lugar a enfrontamentos entre os obreiros en paro e os amarelos crebafolgas.⁵²

O conflito chega ao seu fin no mes de decembro coa sinatura dun acordo auspiciado polo delegado do Ministerio de Traballo ante as presións do seu propio ministerio e do de Gobernación.⁵³ O compromiso non deixa nin vencedores nin vencidos, os sindicalistas deben renunciar a algún dos puntos establecidos nas bases de 1931, mentres que a patronal tampouco satisfacía todas as súas pretensións, entre elas o debilitamento do SIP. A longa folga desgastara en exceso ao sindicato vigués, se ben a solución final podíase considerar en certo sentido positiva polo feito de ter resistido os ataques de unha patronal especialmente radicalizada. Ternos tamén que destacar o apoio prestado polo conxunto da CRG, non só abrindo unha subscripción de axuda aos folguistas -segundo os seus cálculos eran necesarias doce mil pesetas semanais-⁵⁴ senón tamén organizando a acollida dos fillos e das fillas das familias afectadas polo paro.

Outra mostra destacable da conflictividade no sector ten lugar na localidade de Moaña, onde un lock out patronal seguido por unha folga dos traballadores determina a paralización da actividade entre abril de 1933 e abril de 1934. Este conflito, que afecta a 1.500 obreiros, ten a súa orixe na pretensión dos armadores de que sexan os propios empregados os que satisfagan a cota preceptiva correspondente á Lei de Accidentes de Traballo.⁵⁵ Atopamos varios paralelismos entre este conflito e o anterior de Vigo, por unha banda o posicionamento extremo e intransixente da patronal e dos obreiros; por outra, o labor das autoridades intentando arbitrar unha solución entre as partes, aspecto que finalmente conseguiron; e por último o recurso á violencia, especialmente a partir do mes de agosto, e a espiral de acción-represión-acción que da lugar a

⁵⁰ COLECTIVO XERMINAL: *Op. cit.*, p. 288.

⁵¹ CNT, Madrid, nº9, 23 de novembro de 1932, p. 1.

⁵² CNT, Madrid, nº11, 25 de novembro de 1932, p. 2 e nº12, 26 de novembro de 1932, p. 4.

⁵³ COLECTIVO XERMINAL: *Op. cit.*, p. 292.

⁵⁴ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº94, 22 de outubro de 1932, p. 2.

⁵⁵ *Solidaridad Obrera*, A Coruña, nº151, 2 de decembro de 1933, p. 3. Un achegamento a este conflito en GONZALEZ FERNANDEZ, Xoán Miguel e VILLAVERDE ROMAN, Xosé Carlos: *Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social e política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937)*, Sada, Edicións do Castro, 1999, pp. 106-110.

sucesivos actos como explosións contra intereses do armadores e as posteriores detencións de obreiros por parte das forzas de orde.⁵⁶

Para rematar, no aspecto propagandístico e divulgativo as federacións rexional e nacional pesqueira promoveron e sostiveron varios órganos periodísticos. O primeiro órgano de prensa corresponde aos anos vinte e leva por título *El Despertar Marítimo*, senda o portavoz da FRIP e tendo o seu lugar de publicación en Vigo entre decembro de 1926 e xullo de 1927. Despois da súa clausura a organización pesqueira galega responde sacando á rúa *¡Despertad!*, un periódico que vai xogar un destacadísimo papel no debate ideolóxico que se estaba a librar dentro da CNT nos últimos anos da Dictadura de Primo de Rivera. O número un deste periódico publicouse en marzo de 1928, deixándose de editar en novembro de 1930 cando a CRG decide centrar os esforzos editoriais na publicación de *Solidaridad Obrera*, órgano representativo do conxunto da rexional e non só dos sindicatos do ámbito pesqueiro. Durante o segundo semestre de 1931 publícase en Vigo, por parte do SIp, o seu portavoz *Redención Marítima* que, a partir de xaneiro de 1932, se transforma en *Mar y Tierra*, semanario órgano da FNIP que se edita cumprindo os acordos do seu congreso de constitución.

Como vemos, o anarcosindicalismo galego foi quen de abrirse un espacio entre a clase traballadora do sector pesqueiro galego e atraer cara ás súas organizacións un importante número de operarios que se integraron nos diferentes sindicatos incluídos no conxunto da industria pesqueira. A súa fortaleza púxose de manifesto tamén no sostemento dunha serie de conflitos que enfrontaron ás sociedades obreiras coa patronal e que nalgún caso, como os de Vigo e Moaña que vimos, se alongaron no tempo cunha intensa radicalidade das posturas das partes enfrontadas.

A organización da *Federación Regional de Industria Pesquera* supuxo, dende a perspectiva da CNT, a adopción dun modelo sindical moderno que tentaba a superación da organización por oficios que ata ese momento se mantiña no anarcosindicalismo do Estado español e supuña a adaptación do sindicato ao deseño industrial que se estaba a consolidar no sector productivo. A novidosa experiencia desenvolvida polos galegos consolidouse coa organización da Federación Nacional de Industria Pesquera liderada polos sindicalistas galegos e que pretendía a unificación nunha soa entidade de todos os sindicatos do sector pesqueiro do conxunto do Estado. O éxito desta última foi relativo, pois algunhas sociedades rexeitaron a integración nunha federación de industria e se decantaron pola fórmula de manterse organizados por oficios, seguindo así as teses defendidas polo sector máis radical da Confederación. De todos os xeitos, en Galicia si que podemos dicir que a aplicación do modelo de federacións de industria no ámbito pesqueiro resultou un éxito e que conseguiu a súa plena adaptación ás necesidades e demandas dos traballadores e das traballadoras deste sector.

⁵⁶ *Ibidem*.